

V CONCURSO DE RELATOS "25 DE NOVIEMBRE"

ORGANIZA: Concello de San Sadurniño

COLABORA: Equipo de Dinamización de Lingua Galega do CPI de San Sadurniño

BASES DO CONCURSO

TEMA: O traballo transmitirá unha mensaxe clara sobre prevención, sensibilización e/ou reivindicación na loita contra a violencia machista cara as mulleres, valorándose en gran medida a súa orixinalidade e eficacia comunicadora.

PARTICIPANTES: Alumnado de 3º e 4º de ESO do CPI de San Sadurniño.

ENTREGA DE TRABALLOS: O prazo para a entrega dos traballos estará aberto ata o luns 5 de decembro. Os traballos entregaranse a cada titor/titora e o 7 de decembro serán recollidos polo persoal técnico municipal no CPI. Deberán entregarse nun sobre pechado, indicando no mesmo o seu nome e apelidos, idade e curso ao que pertence a persoa autora. Os traballos presentados exporanse na Casa da Cultura do Concello dende o 9 ao 31 de decembro.

Os traballos gañadores quedarán en propiedade do Concello de San Sadurniño reservándose o dereito de facer uso dos traballos premiados, que poderán ser empregados en calquera campaña de sensibilización e información realizada dende o propio Concello.

Os restantes traballos poderanse recoller ou solicitar á entidade local, finalizado o mes de decembro, se así o desexan as persoas autoras.

FORMATO DOS TRABALLOS: Os traballos serán individuais, presentando un único traballo por participante. O formato será libre (ensaio, conto, carta de opinión, redacción, microrelato, poesía, cómic...). O alumnado que o desexe, poderá acompañar o seu texto dun debuxo ou foto escenificada, de elaboración propia.

A obra presentarse nun soporte físico en papel. Os relatos non superarán en ningún caso as dúas follas en letra Times New Roman, tamaño 12 e, no caso de que sexan escritos á man os tres folios. É importante que toda elaboración só se faga por unha

cara do folio, para facilitar a súa exposición. Os traballos non poderán ser inferiores a 150 palabras, a excepción do formato de poesía, cómic e microrelato, que terá que ser de polo menos 50 palabras.

Os traballos non poderán ir asinados, os datos necesarios figurarán no sobre de entrega. O traballo deberá incluír o seguinte texto **“25 de novembro. Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres”** e o idioma empregado será o galego.

FALLO: Darase a coñecer o mesmo día da entrega de premios, o mércores 21 de decembro no acto de fin de curso no CPI de San Sadurniño, facendo pública a lectura dos traballos premiados na voz das persoas autoras.

PREMIOS: Os premios consistirán en:

- Para o 1º premio: Unha tablet 8” + diploma
- Para o 2º e 3º premio: Un libro de lectura para cada premio + diploma

A entrega de premios celebrarase o venres 21 de decembro.

XURADO: Estará constituído por 2 docentes do CPI e 2 técnicas do Concello (a Axente de Igualdade e a Técnica da Biblioteca). A decisión do xurado será inapelable, reservándose o dereito a declarar deserto o premio ou a descualificar calquera traballo que, ao seu xuízo, fose realizado por unha persoa diferente ao concursante, empregase a técnica de calco, plaxio ou non reunise as condicións sinaladas nestas bases.

A participación no concurso leva consigo a aceptación destas bases.

San Sadurniño, 7 de outubro de 2016